

Sr. D. Luis Seoane.
BUENOS AIRES.

Querido Luis: Hoxe, por correo aéreo, envíeiche o número de INSULA adicado ás letras galegas. Coido que non saíu mal. Tén, naturalmente, os seus fallos, pro todo o que se podía con seguir está alí. Houbo innúmeras dificultades. Dá idea delas o feito de que iste número estivo ¡cinco anos! atascado na censura.

Suprimiron unha das tuas ilustracións, mais esto formou parte da poda xeral que eizixía o axuste dos traballos. Elimináronse moitas fotos e aínda algúns traballos -por exemplo o meu- van cercenados.

Teño entre máns moitos proieitos que hei de darte a conocer noutra carta máis longa. O meu discurso de ingreso na Academia Galega causou moita sensación. O aito tivo gran fervenza galega. Parez que estou denunciado, pro non me importa. Son cousas dos tempos e hai que saber aturalas.

Prohibiuse en toda Galicia a representación do "Don Hamlet" por inmoral. Retiraron os exemplares que había nas librerías. E velahí.

Xa me entregaron a película dos teus Murales. Penso proieitala a moita xente e quero facer unha sesión adicada exclusivamente ós rapaces universitarios pra que eisi coñezan máis a fondo a tua espléndida obra.

Moitos cariños de Elena e meus pra Maruxa. Pra tí unha forte aperta de,

Domingo

Muito agradecerie que me enviesess as
tapas pra eu coleccionar "Felicis Emigran-
te". Quero conservar a colección.

Falaron-me dun derradeiro libro
de Alberti. Non teño idea. ¿Poderia
recibirlo adicado?